

a  
ber  
to

© Consulta as bases en  
[www.santiagodecompostela.org](http://www.santiagodecompostela.org)

a  
ber  
to

COMERCIO

AO MUNDO 2.0

AO AGARIMO

Á INNOVACIÓN

AO NOSO BARRIO

AO EMPREGO

Á VETERANÍA

PREMIANDO  
AO NOSO  
COMERCIO

CONCELLO DE  
SANTIAGO

O comercio compostelán é un dos motores da cidade, non só no económico senón tamén no social. A innovación do sector, así como a súa mestura coa tradición, convérteno en moitos casos nun exemplo de excelencia empresarial. Con estes galardóns trátase de homenaxear aos comerciantes que destaquen á fronte dos seus negocios e sexan referencia de boas prácticas a nivel comercial.

# bases

01 Poderán ser candidatos aos “Premios do Comercio Compostelán 2012” todos os establecementos comerciais polo miúdo de Compostela.

02 Os comercios poderán optar a unha ou varias das seguintes categorías de premios:

### Comercio de Barrio

Terase en conta aqueles comercios que destaquen pola súa traxectoria nos barrios e por prestar ese valor engadido de proximidade e trato personalizado nas compras do día a día.

Aspectos a valorar:

- ⊗ Compromiso e participación nas actividades sociais e veciñais.
- ⊗ Trato familiar cos clientes.

### Comercio Agarimo

Premiarase ao comercio que sobresaia pola súa coidada atención ao cliente e servizo posvenda.

Aspectos a valorar:

- ⊗ Amabilidade no trato ao público.
- ⊗ Asesoramento personalizado nas compras.
- ⊗ Satisfacción do cliente.
- ⊗ Servizo posvenda.

### Comercio 2.0

Valorarase a incorporación das novas tecnoloxías tanto no seu funcionamento diario coma na relación cos clientes (uso do comercio electrónico, redes sociais, sinatura electrónica, factura electrónica ou calquera outra medida de innovación empregada no ámbito comercial).

Aspectos a valorar:

- ⊗ Uso de plataformas de comercio online.
- ⊗ Emprego das redes sociais como canle de comunicación co seu público.
- ⊗ Xestión administrativa do comercio mediante o uso da sinatura electrónica, factura electrónica...

### Comercio innovación

Recoñeceranse as innovacións aplicadas polos comercios nos seus respectivos sectores, tanto a nivel da calidade visual dos establecementos coma polos produtos ofertados.

Aspectos a valorar:

- ⊗ Deseño interior e exterior do establecemento.
- ⊗ Oferta innovadora dos produtos ou servizos ofrecidos.
- ⊗ Valor engadido na presentación do produto (packaging, novos conceptos de comercialización...)

### Comercio Emprega

Valorarase a capacidade de xeración de empregos directos así como a procura da conciliación familiar e laboral dentro do pequeno comercio.

Aspectos a valorar:

- ⊗ Número de postos de traballo creados.
- ⊗ Políticas de conciliación familiar-laboral.
- ⊗ Antigüidade dos traballadores.

### Comercio Veterano

Recoñecerase o labor deses pequenos comercios familiares que desenrolan o seu labor dende fai anos demostrando a súa capacidade de permanencia e adaptación aos novos tempos.

Aspectos a valorar:

- ⊗ Antigüidade.
- ⊗ Explotación familiar do negocio sen producirse traspasos.

03 Os premiados recibirán unha peza de artesanía conmemorativa e unha insignia para o exterior do comercio que os identificará como gañadores. Os premios entregaranse na recepción que terá lugar o 19 de abril de 2012 no Pazo de Raxoi, Santiago de Compostela.

04 As candidaturas poderán ser presentadas polos propios comercios ou polas asociacións de comerciantes da cidade. Nas categorías “Comercio de Barrio” e “Comercio Agarimo” poderá propoñer candidatura toda persoa física.

No caso de inexistencia de candidaturas nalgunha das categorías do concurso, estas poderán presentarse polo propio xurado no momento da xuntanza valorativa.

Para presentar candidatura achegarse cuberto o boletín de inscrición correspondente, dispoñible na páxina web do Concello de Santiago [www.santiagodecompostela.org](http://www.santiagodecompostela.org)

Nas categorías “Comercio de Barrio” e “Comercio Agarimo” o voto farase efectivo a través da páxina web e limitarase a un voto por cada correo electrónico. Na pantalla visualizarase a mensaxe conforme o voto realizouse correctamente.

As inscricións confirmarase por mail cun acuse de recibo. En caso de non recibir confirmación de entrega no prazo de 24 horas contacte directamente coa organización no teléfono de información 881 168 283.

05 A data tope para inscribirse será o 9 de abril de 2012.

06 Os gañadores das categorías “Comercio de Barrio” e “Comercio Agarimo” determinarase por votación popular.

Nas restantes categorías, o xurado estará formado por un representante do Concello de Santiago, asociacións de comerciantes da cidade, Cámara de Comercio, asociación de consumidores e da Praza de Abastos.

En todas as categorías, no suposto de empate, resolverá o xurado por maioría.

07 A resolución do xurado será notificada vía telefónica e por carta postal certificada. Ao mesmo tempo, publicarase na páxina web [www.santiagodecompostela.org](http://www.santiagodecompostela.org).

08 O mero feito de ser candidato implica a conformidade coas presentes bases.